



Concello de Mazaricos

Asunto: Contratación de Servicios: ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN AMBIENTAL NAS MARXES DE CAMIÑOS E PISTAS RURAIS. (fca-2024). Inicio

DECRETO DE ALCALDÍA

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en orde do 28 de decembro de 2023, aprobou os criterios de repartición, as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024. (DOG Núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Segundo dita orde a cantidade asignada ó Concello de Mazaricos, na liña de concorrencia non competitiva, ascende a **194.320,29 €**.

O Concello solicitou, mediante Resolución de Alcaldía núm. 41/2024, de 22 de febreiro a aplicación da cantidade anterior a unha serie de investimentos e ao financiamento de determinados gastos de funcionamento de servizos relacionados co medio ambiente e o espazo natural, entre estes últimos, inclúense as “Actuacións de protección ambiental nas marxes de camiños e pistas rurais” cun orzamento total de **96.188.95 €**.

Mediante resolución da Directora Xeral de Administración Local, de 7.06.2024 (RE (20240000000229) concédese ao Concello de Mazaricos a subvención solicitada, habilitando así para a xeración do crédito correspondente no orzamento municipal.

As actuacións de protección ambiental nas marxes de camiños e pistas rurais son necesarias para a mellorar a calidade de vida dos veciños, considerando ademais que a infraestrutura viaria, de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local é competencia do Concello. Así mesmo, e de acordo co disposto no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os concellos deberán prestar os servizos de acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías públicas.

Visto o documento técnico “Memoria valorada actuacións de protección ambiental nas marxes de camiños e pistas rurais”, confeccionado polos servizos municipais, no que se describen e valoran as actuacións a levar a cabo.

Resultando que o Concello non conta con medios persoais nin materiais para levar a cabo dito servizo, a brigada de obras, de reducidas dimensións, só pode realizar pequenas actuacións de mantemento e reparación de bens municipais, procede a súa contratación con unha empresa especializada.

Vistas as competencias que me atribúen a Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público

Pola presente, RESOLVO:

Primeiro.- Incoar expediente de contratación do servizo “Actuacións de protección ambiental nas marxes de camiños e pistas rurais”, por procedemento aberto simplificado, (arts 159 da LCSP), e tramitación ordinaria.

Incorpórese ao mesmo o prego de cláusulas administrativas, os informes de Secretaría e intervención e do mesmo xeito tódolos documentos legalmente esixibles.